



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

ACTA Nº 2026/14 SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Na Casa do Concello de Coirós, sendo as 14:15 horas do día 23 de xullo de 2026, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Preside a sesión o alcalde-presidente D. Francisco Quintela Requeijo, asistindo os Sres/as. Concelleiros/as:

CONCELLEIROS PRESENTES

- D. Juan Carlos García Barreiro
- D^a. María Yolanda Valiño Pena
- D. Francisco Manuel Crespo Gómez

AUSENCIAS:

Ningunha

Actúa como secretaria María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Coirós.

Declarado aberto o acto, e dado que existe o quórum esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, comeza o debate dos asuntos incluídos na orde do día.

1.º Aprobación da acta da sesión anterior celebrada o 14 de xullo de 2026.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Xunta de Goberno Local ten que formular algunha observación á citada acta.

A secretaria explica que detectou un erro no punto 5.7 de xeito que onde di:

Primeiro.-Adxudicar o LOTE 2- Camiños rurais do contrato de servizos “Servizo para tratamentos preventivos de xeito mecanizado para rozas en camiños municipais do concello de Coirós” a B70508585 Molime Viales, S.L (62,50 puntos) nas seguintes condicións:

1º Oferta: 12.713,22 € (0,248 € ml) (s/IVE), mais 2.669,78 € en concepto de IVE.
TOTAL: 15.383,00€



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

2º Mellora nos medios materiais: por dispoñer dun segundo tractor (e tractorista) provisto de brazo semilateral rozador mínimo 1,80 metros.

3º Mellora dos medios persoais : por dispoñer de dous (2) operario_peón para corta eventual e limpeza das zonas de traballo.

Debe dicir:

Primeiro.-Adxudicar o LOTE 1- Camiños rurais do contrato de servizos “Servizo para tratamentos preventivos de xeito mecanizado para rozas en camiños municipais do concello de Coirós” a B70508585 Molime Viales, S.L (62,50 puntos) nas seguintes condicións:

1º Oferta: 12.713,22 € (0,248 € ml) (s/IVE), mais 2.669,78 € en concepto de IVE.

TOTAL: 15.383,00€

2º Mellora nos medios materiais: por dispoñer dun segundo tractor (e tractorista) provisto de brazo semilateral rozador mínimo 1,80 metros.

3º Mellora dos medios persoais : por dispoñer de dous (2) operario_peón para corta eventual e limpeza das zonas de traballo.

Queda aprobada a acta da sesión ordinaria do 14 de xullo de 2026, coa observación indicada.

2º. Padróns fiscais e dereitos de ingreso

2.1. PADRÓN FISCAL AUGAS SEGUNDO TRIMESTRE ANO 2026. Nº Expediente: 2026/X999/000046

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de xullo de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: PADRÓN FISCAL AUGAS SEGUNDO TRIMESTRE ANO 2026. Nº Expediente: 2026/X999/000046

Tendo en conta a ordenanza fiscal n.º 8, reguladora da taxa pola subministración de auga potable do Concello de Coirós, publicada no BOP n.º 210 o 05/11/2012.

Vista a solicitude presentada en data 14/07/2026 10:09:21 con rexistro n.º 202699900000834 a nome de ESPINA & DELFÍN, S.L.

Consonte ao disposto no artigo 4 da ordenanza fiscal:

Artículo 4.º .-Obligación de pago.

1. La obligación de pago de la tasa regulada en esta Ordenanza, nace desde que se inicie la prestación del servicio, y su facturación y cobro se realizará con periodicidad trimestral, por trimestres completos.

2. El pago de dicha tasa se efectuará en el momento de presentación, al obligado a realizarlo, de la correspondiente factura.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

3. Las deudas por esta tasa podrán exigirse por el procedimiento administrativo de apremio, de acuerdo con el Reglamento General de Recaudación.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 de data 13 de abril de 2026 (BOP n.º 75 do 23.03.2026), pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o padrón da taxa abastecemento e saneamento de auga, correspondentes ao segundo trimestre do 2026 e as liquidacións resultantes deste, cos seguintes datos:

- Abastecemento: 46.450,01€
- Cota mantemento acometida abastecemento: 1.233,63€
- Cota contador: 1.025,43€
- Saneamento: 46.932,62€
- Canon auga: 10.415,66€

SEGUNDO.- Expoñer ao público tódolos datos incorporados ó padrón que se aproba mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación.

Esta exposición, polo prazo de quince días desde a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, Xeral Tributaria.

De non presentarse reclamación algunha entenderase aprobado definitivamente.

CUARTO.- Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso de reposición ante este Concello no prazo dun mes, ou recurso contencioso administrativo a interpoñer ante os Tribunais Contencioso Administrativos, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública.

O canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa perante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais. A falta de pago do canon no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Coirós, a luns 20 de xullo de 2026.

O alcalde

Asinado: Francisco Quintela Requeijo"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

3º. Licenzas urbanísticas e títulos habilitantes

3.1. COMUNICACIÓN PREVIA PECHE DE PARCELA. EXPTE.2026/U026/000026

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de xullo de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: COMUNICACIÓN PREVIA PECHE DE PARCELA INF:2026/U026/000026

Visto o informe técnico emitido pola arquitecta municipal Iria Pérez Miranda en data 14.07.2026, que literalmente di:

“DATA:	RE-283 (30/04/2026) – RE-348 (28/05/2026)
ASUNTO:	COMUNICACIÓN PREVIA PECHE DE PARCELA
INTERESADO:	Sebastian Pirillo Batlle (****04***)
SITUACIÓN:	Figueiras 50
REF. CATASTRAL:	8881128NH6888S0001XR
P.E.M.:	2.046,50€+IVE
TAXA:	10€ (30/04/2026)
ICIO (3,5%):	72€ (30/04/2026)

Iria Pérez Miranda, arquitecta superior Colexiada número 3194 do COAG, tendo en conta a documentación obrante no Concello de Coirós e os antecedentes en relación ao citado expediente,

Emite o seguinte **informe**:

ANTECEDENTES:

1º/ Con rexistro de entrada RE-283 (30/04/2026) Sebastian Pirillo Batlle (****04***) realiza a comunicación previa de obras achegando a seguinte documentación:

- Instancia de comunicación previa de obra
- Orzamento 2.046,50€ (materiais)
- Consulta descritiva e gráfica de catastro
- Croquis da parcela
- Fotografía vivenda (non fotografía peches)
- Escritura

2º/ Con data 18/05/2026 a técnico que subscribe emite informe requirindo unha serie de alaracións/ subsanacións

3º/ Con RE-348 o 28/05/2026 Sebastian Pirillo Batlle (****04***) achega ao expediente a seguinte documentación:

- Instancia de solicitude xeral
- Escrito describindo o peche:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

"Peches lateral: peche de bloque split blanco 150cm de altura, va a ser diáfano 50cm. Peches frontal: La altura del muro es de 125cm. El muro es todo tradicional. 75Cm".

- Fotografías do estado actual do muro de peches frontal tradicional
- Imaxe (semella xerada por IA) unha vez colocada a celosía de madeira.

OBXECTO

Da documentación achegada desprendese que se pretende a execución de peches lateral sobre lindeiro, e peches frontal. Peches lateral de bloque split e malla e colocación de 75 cm de celosía de madeira sobre peches tradicional de pedra de 150cm.

INTEGRIDADE DOCUMENTAL:

A documentación achegada considérase suficiente.

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE:

- 1- Plan Xeral de Ordenación Municipal de o concello de Coirós, aprobado definitivamente o 19 de setembro de 2002, publicada a aprobación no DOG o 07/10/2002 e no BOP xunto coa normativa o 15/10/2002. (PXOM).
- 2- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. (LSG).
- 3- Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro.
- 4- Plan Básico Autonómico de Galicia aprobado por Decreto 83/2018 de 26 de xullo.
- 5- Lexislación sectorial de aplicación

AXUSTE DAS OBRAS AO PLANEAMENTO E NORMATIVAS:

1. O PXOM de Coirós clasifica integramente os terreos obxecto deste informe como SOLO DE NÚCLEO RURAL coa cualificación de núcleo rural DENSO.

A Disposición transitoria primeira da LSG- *Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento* establece no apartado 2.c) que ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.

2. Cumprimento dos parámetros urbanísticos:

Considéranse os parámetros dos peches tanto para os situados en aliñacións como entre lindeiros:

Art 165º PXOM	PARÁMETRO:	PROXECTO
	Materiais: deben ser compatibles co medio rural circundante.	Bloque branco e malla. Pedra e celosía de madeira CUMPRE
	En peches de parcela límitase a altura a 1,5m na parte cega de fábrica seguindo os mesmos criterios de acabado que para as fachadas das edificacións. (Prohibición de bloque gris sen revestir, salvo	Altura máxima 2m. A parte cega non poderá superar o

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

	que sexa tratado especificamente como material de acabado, tixolo cara vista, plaquetas,...).	1,5m CUMPRE
--	---	----------------

Art 74º PXOM	PARÁMETRO:	PROXECTO
	1. Os peches de parcela situaranse ao borde das aliñacións sinaladas nos planos de ordenación.	Tramo consolidado por peche tradicional CUMPRE
	2. A altura máxima permitida en todos os casos para a parte cega será de 1,6m. Esta altura poderase superar ata os 2,00m con celosía ou forxa así como elementos vexetais.	Altura máxima 2m. A parte cega non poderá superar o 1,5m CUMPRE
	3. Se poderán construír muros de contención.	Non é o caso
	4. Os materiais utilizados serán aqueles pensados para ser vistos, quedando prohibida a utilización de tixolos, bloque, ou outros materiais similares sen revestir. Queda totalmente prohibida a utilización de arames de espino, cristais, e todos aqueles que poidan por en perigo a integridade física das persoas.	Bloque branco e malla. Pedra e celosía de madeira CUMPRE
	5. Admitiranse peches de carácter provisional	Non é o caso.

A altura do peche da parte cega en ningún caso pode superar os 1,5m e o total do peche superar en ningún punto os 2m.

O peche frontal é un muro de pedra tradicional que consonte o artigo 26 da LSG non pode ser demolido polo que se considera un un vial con forte consolidación consonte o artigo 165.4 do PXOM

CONCLUSIÓNS:

De acordo coa comunicación previa e documentación presentada polo interesado, salvo dereito de propiedade e ser prexuízo de terceiros, e tendo en conta todo o anterior, establécense as seguintes conclusións:

- 1.- Segundo a documentación presentada, as obras descritas están sometidas ó réxime de comunicación previa, de acordo co artigo 142º da Lei 2/2016, do solo de Galicia.
- 2.- O Concello de Coirós acusa recibo da execución de obras en réxime de comunicación previa.
- 3.- O interesado declara, baixo a súa responsabilidade:
 - Que son certos cantos datos e manifestacións foron expostos na comunicación e documentación que se anexa
 - Que as actuacións que se detallan cumpren coa normativa urbanística e sectorial de aplicación no Concello e que serán executadas de acordo coas condicións xerais e específicas establecidas.
 - Que se obtiveron todas as autorizacións e/ou informes sectoriais preceptivos necesarios para o inicio da obra, así como concesións administrativas ou autorizacións correspondentes cando o acto pretendido supoña a ocupación ou utilización do dominio público do que sexa titular outra administración pública.
 - Que as obras e os materiais que se empreguen harmonizarán co conxunto do entorno.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

- Que a edificación non está suxeita a ningún tipo de catalogación nin protección histórico-artístico, nin afecta a dominio público.
- Que non se van realizar obras suxeitas ao deber de obtención de licenza.

4.- Neste trámite compróbase que a documentación está completa, é veraz e acomoda inicialmente á legalidade. O procedemento finaliza coa inspección das obras.

5.- A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial de calquera dato, manifestación ou documento que se incorpora á comunicación previa comporta, tras a audiencia ao interesado, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada, sen perxuízo da incoación do expediente de reposición da legalidade e/ou sancionador que proceda.

6.- As obras non poderán iniciarse ata o transcurso de 15 días hábiles contados dende a presentación da comunicación coa documentación completa e deberá finalizarse no prazo fixado na documentación ou no seu defecto nun prazo máximo seis meses.

7.- DISPOSICIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE: Na execución dos traballos o construtor terá que cumprir as condicións establecidas no artigo 11º do "Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as condicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción así como de xestión de residuos da construción.

8.- RESIDUOS: Deberase cumprir o establecido no D. 105/2008 polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición así como a Lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES:

8.- O peche non poderá superar en ningún punto os 2m de altura e a zona de bloque deberá quedar rematado e pintado non podendo superar a altura de 1,5m. Sobre o peche de pedra so podera situarse peche diáfano ata unha altura máxima de 2m

9.- As posibles cimentación non poderán invadir terreos fora da aliñación oficial a 4m do eixe do viario ao que da fronte.

10.- Os materiais e cores serán adaptado ao medio rural no que se atopa.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

E para que conste aos efectos oportunos, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros expide o presente en Coirós a 14 de xullo de 2026

A arquitecta municipal:
Iria Pérez Miranda."

Visto disposto nos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, así como o Decreto 143/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o seu regulamento.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, mediante Decreto núm. 75/2026 ditada o 13/04/2026, pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Declarar completa a documentación presentada, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello.

Segundo.- A obra realizarase tendo en conta as condicións establecidas no informe técnico municipal que se transcribe .

Terceiro.- Aprobar a seguinte liquidación tributaria de carácter provisional da taxa por expedición de documentos administrativos e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

- Ordenanza reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas (BOP nº 11 do 16.01.2013):
 - 1.2.- Servizos urbanísticos:
 - 1.2.1.- Tramitación de expedientes de licenzas:
 - De obra menor: 10 euros.
 -
- Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (BOP nº 30 do 12.02.2018). Tipo de gravame: 3,5%
Orzamento de execución material: 2.046,50€.
Importe : 72 €

TOTAL: 82 €

Cuarto.- Notificar o presente acordo á parte interesada, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

En Coirós, na data da sinatura dixital.
O alcalde,

Francisco Quintela Requeijo"

."



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

4º. Contratacións

4.1. Adxudicación do contrato de obra “infraestrutura viaria interior do parque empresarial de Coirós”, IN519B (Consellería de Economía e Industria)”. Expediente: 2026/C002/000028

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 22 de xullo de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: adxudicación do contrato de obra “infraestrutura viaria interior do parque empresarial de Coirós”, IN519B (Consellería de Economía e Industria)”. Expediente: 2026/C002/000028

ANTECEDENTES:

Visto o proxecto redactado por o Enxeñeiro Juan Carlos Llamazares, aprobado mediante a resolución 44/2026 do 2 de marzo de 2026, cun orzamento de 47.921,15 €.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/06/2026 aprobouse o expediente de contratación e o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

Consta retención de crédito na aplicación orzamentaria 1532.61900 por importe de 47.921,15 € e segundo o documento RC nº 220260002999.

Na data 30/06/2026 publicouse o anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Coirós. O prazo de presentación de ofertas rematou o 07/07/2026.

Considerando que a mesa de contratación procedeu á apertura do SOBRE A “documentación administrativa e criterios evaluables automáticamente”, na data 09/07/2026 resultando:

“(…) Se Expone

1.- *Apertura criterios evaluables automáticamente: 2026/C002/000028 - Infraestrutura viaria interior do Parque Empresarial de Coirós. IN519B.*

Se procede a la apertura de los sobres de aquellas empresas que hayan sido admitidas:

NIF: B15360902 CANARGA S.L

La documentación aportada por los licitadores es aportada a la Mesa para su correspondiente evaluación.

2.- *Valoración criterios evaluables automáticamente: 2026/C002/000028 - Infraestrutura viaria interior do Parque Empresarial de Coirós. IN519B.*

Una vez remitida la información a la Mesa, ésta ha valorado las proposiciones de acuerdo a los criterios del PCAP de la siguiente manera:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

NIF: B15360902 CANARGA S.L:

- Mellora:subministro e plantación de 8 exemplares arbóreos autóctonos. Valor introducido por el licitador:

null Valor aportado por la mesa: null

Puntuación: 0 Motivo: Según PCAP

- Ampliación prazo de garantía Valor introducido por el licitador: 1 ano Valor aportado por la mesa: 1 ano

Puntuación: 0.5 Motivo: Según PCAP

- Redución do prazo de execución Valor introducido por el licitador: 50% Valor aportado por la mesa: 50%

Puntuación: 2 Motivo: Según PCAP

- Prezo Valor introducido por el licitador: 39504.13 Valor aportado por la mesa: 39504.13

Puntuación: 0.07 Motivo: Según fórmula deputación.

3.- Propuesta adjudicación: 2026/C002/000028 - Infraestrutura viaria interior do Parque Empresarial de Coirós. IN519B.

De acuerdo a la evaluación de las propuestas aportadas por los licitadores, la mesa concluye la siguiente lista ordenada de manera decreciente de puntuación de acuerdo a las puntuaciones obtenidas por los licitadores en las diferentes fases:

Orden: 1NIF: B15360902 CANARGA S.L Propuesto para la adjudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 2.57

Total puntuación: 2.57

NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES No ha presentado Oferta

NIF: B15289614 CONTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L No ha presentado Oferta/

4.- Mejor valorado - Requerimiento de documentación: 2026/C002/000008 - Mellora do alumado público en Espenuca Alta e outros. POS+2025. Ad 2ª

Este acto se incorpora por error, por tanto no corresponde su celebración, quedando anulado en este acta.

5.- Mejor valorado - Requerimiento de documentación: 2026/C002/000028 - Infraestrutura viaria interior do Parque Empresarial de Coirós. IN519B.

Visto lo dispuesto en la cláusula décimo segunda del PCAP, la mesa comprueba que la licitadora está inscrita en el Rexistro Xeral de Contratistas de la Comunidad Autónoma de Galicia, (nº1605), inscrita en el Registro Oficial de Licitadores y Contratistas del Estado, figurando inscritos datos de la entidad, domicilio social, objeto social, apoderamientos, cumplimiento de obligaciones tributarias y con la SSSS y clasificaciones vigentes.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Por tanto la mesa acuerda requerirle garantía definitiva por el importe del 5% del precio de adjudicación, que asciende a 1.975,21 €, otorgando un plazo de tres días hábiles desde en envío de la comunicación electrónica.

Yo, como secretaria, certifico con el visto bueno de la presidenta:"

Contestado o requirimento por parte do licitador na data 13/07/2026, e comprobada que a documentación está correcta (presentouse aval de IBERAVAL S.G.R. por importe de 1.975,21€) , procede adxudicar o contrato.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 de data 13 de abril de 2026 (BOP n.º 75 do 23.04.2026), pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Adxudicar o contrato de obra ""infraestrutura viaria interior do parque empresarial de Coirós" á empresa CANARGA S.L (B15360902), por un prezo do contrato de trinta e catro mil sesenta coma dezasete euros (47.800,00 €), que supón un importe de 39.504,13 €, e 8.295,87 € correspondentes ao Imposto Sobre o Valor Engadido.

Segundo.- Dispoñer un gasto por importe de 47.800,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 1532.60900 do vixente orzamento de gastos, de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Terceiro.- Notificar a adxudicación ao licitador que resultou adxudicatario e publicar a presente resolución no perfil do contratante do Concello de Coirós na Plataforma de contratación do sector público.

Cuarto.- Nomear director facultativo das obras ao enxeñeiro Juan Carlos Llamazares. A dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde (no caso de que se requira esta última para este contrato) realízase a través dun contrato menor de servizos, con expediente núm. 2026/C002/000035 tramitado previamente ao expediente de contratación.

Quinto.- Nomear responsable do contrato a Iria Pérez Miranda, arquitecta municipal.

Sexto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei de Contratos do Sector Público.

Coirós, mércores 22 de xullo de 2026.

O alcalde

Francisco Quintela Requeijo"



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

5º. Subvencións

5.1. Solicitud de axuda a muller por nacemento ou adopción solicitada por Laura Pérez Rodríguez. Nº Expediente 2026/A012/000009.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de xullo de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUDE DE AXUDA A MULLER POR NACEMENTO OU ADOPCION SOLICITADA POR LAURA PÉREZ RODRÍGUEZ. Nº Expediente 2026/A012/000009.

As bases para a concesión de axudas por nacemento foron aprobadas polo Pleno na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 19/12/2025, xunto co orzamento do exercicio 2026, e publicadas no BOP nº 123 o xoves 2 de xullo do 2026.

Consta informe da Directora do Centro de Información ás Mulleres de Coirós, Raquel Montero González, de data 20/07/2026, que se transcribe literalmente:

“INFORME

Asunto: solicitud de axuda por nacemento presentada por Laura Pérez Rodríguez. Expte. 2026/A012/000009

Raquel Montero González, directora do Centro de Información á Muller de Coirós,

INFORMO:

Tendo en conta a solicitude con rexistro 202600000000098 presentada o pasado 2 de marzo de 2026 por Laura Pérez Rodríguez, con DNI: ***3417** e domicilio en Loureiros nº 37 , Santa María de Ois,15316 Coirós. Solicita a axuda por nacemento da súa primeira filla Inés Vázquez Pérez. Revisada a documentación, dende o CIM informamos que non cumpre os seguintes requisitos indicados nas bases das axudas por nacemento:

- Solicitude presentada fora de prazo sinalado nas bases, onde se indica que a solicitude deberá solicitarse no prazo dun mes dende o nacemento da crianza (base quinta).
- A solicitante da axuda empadroouse no Concello o 13 de xuño de 2025 e a crianza naceu o 23 de setembro de 2025. Non se cumpre o requisito sinalado nas bases de estar empadroada no termo municipal de Coirós cunha antelación mínima de nove meses previos o nacemento (base terceira).



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Polo exposto, propónse a denegación da axuda solicitada.
Coirós, 20 de xullo de 2026.

Raquel Montero González
Directora del CIM

Enterada,
A concelleira de Atención á muller (CIM),
Igualdade, Educación e Cultura

Yolanda Valiño Pena"

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.s da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Vista a delegación de competencias efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente ás subvencións mediante Resolución 75/2026 (BOP nº 75 do 23/04/2026), elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Denegar a solicitude de axuda por nacemento presentada por Laura Pérez Rodríguez, con DNI: ***3417** con rexistro 202600000000098 o pasado 2 de marzo de 2026, polos motivos expostos no informe emitido en data 20/07/2026 pola Directora CIM, que se transcribe no presente acordo e serve de motivación ao mesmo.

Segundo.- Notificar o presente acordo á interesada.

Terceiro.- Dar traslado dunha certificación do presente acordo ao CIM, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Coiros, a luns 20 de xullo de 2026.

O alcalde

Asinado: Francisco Quintela Requeijo"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

5.2. Solicitude de axuda por nacemento presentada por Vanesa Formigo Jorge. Expte. 2026/A012/000012

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de xullo de 2026, que se transcribe literalmente:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: solicitude de axuda por nacemento presentada por Vanesa Formigo Jorge. Expte. 2026/A012/000012

As bases para a concesión de axudas por nacemento foron aprobadas polo Pleno na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 19/12/2025, xunto co orzamento do exercicio 2026, e publicadas no BOP nº 123 o xoves 2 de xullo do 2026.

Consta informe da Directora do Centro de Información ás Mulleres de Coirós, Raquel Montero González, de data 20/07/2026, que se transcribe literalmente:

"INFORME

Asunto: solicitude de axuda por nacemento presentada por Vanesa Formigo Jorge. Expte. 2026/A012/000012

Raquel Montero González, directora do Centro de Información á Muller de Coirós,

INFORMO:

Tendo en conta a solicitude con rexistro 202699900000329 presentada o pasado 20 de abril por Vanesa Formigo Jorge con DNI: ***8068** e domicilio en Coirós de arriba nº 65, 15316 Coirós. Solicita a axuda por nacemento do seu segundo fillo Lorenzo Fuentes Formigo.

Revisada a documentación, dende o CIM informamos que non cumpre o seguinte requisito indicados nas bases das axudas por nacemento:

- A solicitante da axuda debe estar empadroada no termo municipal de Coirós, cunha antelación de nove meses antes do nacemento da crianza. Vanessa Formigo empadroouse o 28 de agosto de 2025 e o seu fillo naceu o 14 de marzo de 2026 (base terceira).

Polo exposto, proponse a denegación da axuda solicitada.

Coirós, 20 de xullo de 2026.
Raquel Montero González
Directora del CIM

Enterada,
A concelleira de Atención á muller (CIM),
Igualdade, Educación e Cultura

Yolanda Valiño Pena"



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.s da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Vista a delegación de competencias efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente ás subvencións mediante Resolución 75/2026 (BOP nº 75 do 23/04/2026), elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Denegar a solicitude de axuda por nacemento presentada por Vanesa Formigo Jorge con DNI: ***8068** con rexistro 202699900000329 o pasado 20 de abril de 2026, polos motivos expostos no informe emitido en data 20/07/2026 pola Directora CIM, que se transcribe no presente acordo e serve de motivación ao mesmo.

Segundo.- Notificar o presente acordo á interesada.

Terceiro.- Dar traslado dunha certificación do presente acordo ao CIM, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Coirós, a martes 21 de xullo de 2026.

O alcalde

Asinado: Francisco Quintela Requeijo"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

5.3. Dar conta da solicitude de subvención PR486F destinadas a concellos de Galicia para a adquisición de vehículos, as súas adaptacións e maquinaria vinculada a actuacións de prevención de incendios forestais EXPEDIENTE: 2026/G003/000249

Ponse en coñecemento da Xunta de Goberno Local que o día 15-07-2026 ditouse a Resolución de Alcaldía/Presidencia 201/2026 cuxo contido de seguido se transcribe:

"RESOLUCIÓN

ASUNTO: Solicitude Subvención PR486F destinadas a concellos de Galicia para a adquisición de vehículos, as súas adaptacións e maquinaria vinculada a actuacións de prevención de incendios forestais

EXPEDIENTE: 2026/G003/000249

ANTECEDENTES:

Vista a Orde do 3 de xuño de 2026, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrência competitiva, destinadas a concellos de Galicia para a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

adquisición de vehículos, as súas adaptacións e maquinaria vinculada a actuacións de prevención de incendios forestais, cofinanciadas nun 60 % pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento PR486F), publicada no DOG nº 110 o 15 de xuño de 2026.

Vista a necesidade de dotar aos servizos municipais das ferramentas necesarias para a execución de tarefas específicas de silvicultura preventiva, mantemento da rede de faixas de xestión de biomasa de titularidade municipal ou subsidiaria, e a conservación das vías e camiños do termo municipal, reducindo o risco de incendios forestais e garantindo a protección dos núcleos de poboación.

Vista a memoria detallada e valorada do equipamento que se vai adquirir, xunto coa memoria técnica que acredita a relación dos equipamentos propostos coas actuacións de prevención de incendios forestais no termo municipal.

O orzamento total dos equipamentos ascende a 25.728,94 euros sen IVE e 31.132,02 euros (IVE incluído), dos que se solicita un 60% (18.679,21€) á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, sendo o 40% restante achegado polo concello.

Vista a delegación de competencias efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente a subvencións (apartado 6º) mediante Decreto núm. 75/2026 do 13 de abril de 2026 (BOP nº 75 do 23 de abril), o órgano competente para acordar a solicitude de subvención é a Xunta de Goberno Local.

Porén, a Xunta de Goberno Local non celebra sesión ordinaria non vindeiros días, motivo polo cal procede avogar a competencia por parte da Alcaldía a fin de solicitar a axuda na data de hoxe (data límite).

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avogar as competencias en materia de delegadas na Xunta de Goberno Local para ese caso concreto, en virtude do disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Segundo.- Solicitar as axudas previstas na Orde do 3 de xuño de 2026, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrència competitiva, destinadas a concellos de Galicia para a adquisición de vehículos, as súas adaptacións e maquinaria vinculada a actuacións de prevención de incendios forestais, cofinanciadas nun 60 % pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento PR486F), publicada no DOG nº 110 o 15 de xuño de 2026, para a adquisición de vehículos, as súas adaptacións e maquinaria vinculada a actuacións de prevención de incendios forestais, por importe de 18.679,21 euros (60% gasto elixible).

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 3 de xuño de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrència competitiva, destinadas a concellos de Galicia para a adquisición de vehículos, as súas adaptacións e maquinaria vinculada a actuacións de prevención de incendios



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

forestais, cofinanciadas nun 60 % pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento PR486F).

Cuarto.- Declarar, para dar cumprimento aos requisitos do ANEXO III da citada orde:

- Que o Concello de Coirós remitiu en data 15/10/2025 as contas correspondentes ao exercicio 2024 ao Consello de Contas de Galicia.

- Que o Concello de Coirós non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario dunha subvención establecidas nos números 2 e 3 do art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia; está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social e non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, estando así mesmo ao corrente no pago de obrigas por reintegro de subvencións.

- Que, segundo informe da intervención municipal, o proxecto imputarase ao capítulo 6 do orzamento de gastos da entidade local, de conformidade coa clasificación económica establecida pola Orde EHA/3565/2008, do 8 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais

Cuarto.- Remitir a solicitude da dita subvención, xunto coa documentación precisa, á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde Francisco Quintela Requeijo. Pola secretaria-interventora tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018)."

A Xunta de Goberno Local queda informada.

Non habendo máis asuntos que tratar e sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos (14:25) o Sr. alcalde-presidente levanta a sesión, da que se estende a presente acta da que eu, como secretaria, dou fe.

Asinado pola secretaria-interventora, María Cristina Varela García, e polo alcalde, Francisco Quintela Requeijo, no Concello de Coirós, na data expresada á marxe da presente acta.